

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A CRUZ VERMELLA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS CONXUNTAS A PROL DAS PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE, ASÍ COMO DA SOCIEDADE DA ÁREA SANITARIA DE FERROL EN XERAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Cruz Vermella asinaron o 15.03.2024 o convenio arriba referido. O convenio terá unha vixencia dun ano. De conformidade co disposto polo artigo 49.h. 2º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, as partes poderán acordar a prórroga do presente convenio por un prazo máximo de ata 4 anos, e sempre con anterioridade á data de vencemento do prazo de execución inicial e mediante a súa formalización por escrito.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde – Área Sanitaria de Ferrol e a Cruz Vermella para o desenvolvemento de accións conxuntas a prol das persoas en situación de vulnerabilidade, así como da sociedade da área sanitaria de Ferrol en xeral.

É propósito do convenio a realización de actividades e proxectos de colaboración en asuntos que resulten de interese e que impacten positivamente na Área Sanitaria de Ferrol, entre outros os seguintes:

- Proxecto "CRECE" para detección e atención de casos de soidade non desexada así como de persoas en situación de vulnerabilidade.
- Proxecto "Enredando" para desenvolvemento da autonomía dixital de persoas maiores na contorna do Hospital e dos Centros de Saúde da área Sanitaria.
- Formación Profesional: información sobre as necesidades de realización de prácticas dos ciclos sanitarios que imparte a Cruz Vermella.
- Accións e campañas de sensibilización e información a usuarios e profesionais da área Sanitaria para levar a cabo no hospital e nos centros de saúde e a súa contorna.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

Segundo o artigo 92 da Lei 8/08, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia o Servizo Galego de Saúde, creado pola Lei 1/1989, é un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica de seu e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

O Servizo Galego de Saúde está adscrito á Consellería de Sanidade, que exerce sobre el as facultades de dirección, vixilancia e tutela. O obxectivo do Servizo Galego de Saúde é a prestación dos servizos de atención sanitaria individual de cobertura pública no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Enumerándose no artigo 94, as funcións do mesmo.

Pola súa banda, a Cruz Vermella é unha institución humanitaria de carácter voluntario e interese público, considerada como auxiliar e colaboradora das Administracións Públicas nas actividades humanitarias e sociais impulsadas polas mesmas. Entre os seus fins e obxectivos atópanse a promoción e colaboración en accións de solidariedade e de benestar social en xeral e de servizos asistenciais e sociais, con especial atención aos colectivos e as persoas con dificultades para a súa integración social e laboral.

Ambas institucións teñen obxectivos comúns e/ou complementarios e polo tanto, a colaboración entre ámbalas dúas permitirá aproveitar ao máximo os seus potenciais. Dita colaboración ten interese positivo tanto para as dúas institucións como para a veciñanza da Área Sanitaria de Ferrol.

Co fin de consolidar esta relación de colaboración, asinouse o devandito convenio de colaboración, que pon as bases para acadar o aproveitamento óptimo dos recursos e recolle as condicións desta colaboración de xeito claro e transparente.

A formalización do presente Convenio non require de dotacións orzamentarias específicas para ningunha das partes asinantes.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

